



## CONCELLO DE RAMIRÁS

NIF : P3206900 G  
Tf. : 988 491 523  
Fax : 988 478 604  
E-mail : [concello.ramiras@eidolocal.es](mailto:concello.ramiras@eidolocal.es)

Picouto, s/n - 32810 - Ramirás - Ourense

### ASUNTO: VIXILANCIA SANITARIA DA AUGA DE CONSUMO HUMANO NO CONCELLO DE RAMIRÁS.-

**PRIMEIRO.-** A sociedade Mercantil Aprovechamientos Hidráulicos Gallegos, S.A., é a concesionaria do aproveitamento hidráulico do río Tuño. Entre os compromisos que ten adquiridos co Concello de Ramirás está o de subministrar un caudal constante de auga de 5 litros por segundo, para que o concello de Ramirás o destine ao consumo humano mediante a rede municipal de abastecemento.

Non obstante, durante os días 28 e 29 de xullo de 2020, a concesionaria non subministrou o caudal de auga acordado (5 litros por segundo de auga), quedando os tanques de auga bruta para o consumo humano practicamente baleiros; o que provocou que o Concello de Ramirás se vise obrigado a comprar 9 camións cisterna de 17.000 litros de auga o día 30 de xullo de 2020 e 5 camións cisterna de 17.000 de auga o día 31 de xullo de 2020, co custe económico que todo elo supón para o Concello de Ramirás, e os prexuízos que esta situación, externa ao Concello, provoca na veciñanza.

Así mesmo, ao diminuír a cantidade de auga no depósito de captación, hai maior concentración de arsénico na auga que vai a rede municipal de distribución o que implica unha deficiente calidade da auga.

**SEGUNDO.-** Á vista dos incumprimentos expostos, o día 28 de xullo de 2020 levantouse polo Sr. Secretario do Concello de Ramirás, acta de presenza con seguinte tenor literal:

*ACTA DE PRESENCIA NO LUGAR DA CAPTACIÓN DE AUGA PARA O CONSUMO HUMANO PARA USO DAS PARROQUIAS DE FREAS E PAIZÁS.*

*ASISTENTES:*

*ALCALDESA-PRESIDENTA:*  
*Dna. Isabel Gil Álvarez*

*No lugar de Paizás, sendo as 9:50 horas, do 28 de xullo de 2020, coa presenza da Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Ramirás, Dna. Isabel Gil Álvarez.*

*Dá fe do acto a Secretario do Concello de Ramirás, D. Jesús González González.*

*A alcaldesa, Dna. Isabel Gil Álvarez amosa a Sr. Secretario do Concello de Ramirás o punto da captación da cámara de carga de auga para o consumo humano para subministrar as parroquias de Freas e Paizás, sito no término de Paizás, na cota aproximada 590.*

*O Secretario do Concello de Ramirás procede a tomar as fotografías que a continuación se acompañan:*

*Imaxe da admisión da cámara de carga:*





## CONCELLO DE RAMIRÁS

NIF : P3206900 G  
Tf. : 988 491 523  
Fax : 988 478 604  
E-mail : [concello.ramiras@eidolocal.es](mailto:concello.ramiras@eidolocal.es)

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense



*Imaxe do tubo de saída que se dirixe á ETAP de Pereira:*



*Durante a vista obsérvase:*

- 1. Que polos tres canles de admisión de auga non discorre cantidade algunha de auga.*
- 2. Que polo tubo de saída que se dirixe á ETAP, sita no Lugar de Pereira, apenas discorre un fío de auga que, sen poder precisar a cantidade de auga que deriva á ETAP, é evidente que en ningún caso acada os cinco litros de auga por segundo que se tiñan acordado segundo o documento que se xunta a seguir como anexo I.*





# CONCELLO DE RAMIRAS

NIF : P3206900 G  
Tf. : 988 491 523  
Fax : 988 478 604  
E-mail : [concello.ramiras@eidolocal.es](mailto:concello.ramiras@eidolocal.es)

Picouto, s/n - 32810 - Ramirás - Ourense

Anexo I

APROVECHAMIENTOS HIDRAULICOS GALLEGOS, S.A.  
**"APROHIGA, S.A."**

Avda. de la Habana, 24 - Entreplanta  
32003 ORENSE

Sra. Alcaldesa del Ayuntamiento  
de  
R A M I R A S (Orense)

ASUNTO: COMPROMISOS ADQUIRIDOS POR APROHIGASA CON EL AYTO. DE RAMIRAS  
CON MOTIVO DE LAS OBRAS DE LAS MINICENTRALES DEL TUÑO.

De conformidad con las conversaciones mantenidas con esa  
Alcaldía y con los vecinos afectados por las obras e instalaciones  
reseñadas en el Asunto epigrafiado, esta Empresa, se compromete  
firmemente a realizar y cumplir lo siguiente:

1º.- Ceder un caudal medio de 5 litros (cinco litros) de agua  
por segundo, para uso de las parroquias de Freás y Paizás, para ello  
se utilizará como captación la Cámara de Carga de la Minicentral, que  
APROHIGASA, proyecta construir en el río Tuño, en el término de  
Paizás, en la cota aproximada 590.

2º.- APROHIGASA dejará un pasamuros de fundición de 125 mm.  
de diámetro, en un lateral de la Cámara, convenientemente alejado de  
la proximidad de la tubería forzada y al mismo nivel que ésta.

3º.- Esta Empresa, se compromete a asfaltar la carretera  
desde Outeiro a Tuño.

Todos estos compromisos serán ejecutados por APROHIGASA, sin  
coste alguno para ese Ayuntamiento, a perpetuidad, pudiendo disfrutar  
del caudal cedido, desde el mismo momento en que comiencen a  
funcionar las minicentrales y sin interrupción alguna, salvo causa de  
fuerza mayor.

Orense, 8 de Julio de 1993

APROVECHAMIENTOS HIDRAULICOS GALLEGOS, S.A.  
C.I.F. A - 32.031.452  
ORENSE

Fdo.: Antonio Vázquez Fernández

Página - 1

C.I.F. A-32031452

Inscrita en el Registro Mercantil de Orense, hoja num. 1187, folio 97, tomo 113, libro 84 sección 3ª



Cod. Validación: 4W9EZJYZK3R75X6G34MFRJRSS | Corrección: <https://ramiras.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico | Paxina 3 a 4



## CONCELLO DE RAMIRAS

NIF : P3206900 G  
Tf. : 988 491 523  
Fax : 988 478 604  
E-mail : [concello.ramiras@eidolocal.es](mailto:concello.ramiras@eidolocal.es)

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

*Non habendo máis asuntos a tratar, dáse por rematada a acta de presenza, sendo as 10:05 horas do día indicado, do que, como secretario, dou fe.*

**TERCEIRO.-** A sociedade mercantil Aprovechamientos Hidráulicos Gallegos, S.A., ante os constantes requirimentos da Alcaldía para regularizar a situación, non ten tomado ningún tipo de medida para garantir un subministro constante de auga á poboación.

Polo exposto, e en virtude das competencias conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime local, SOLICITO:

- 1.- Que a Confederación Hidrográfica Miño – Sil adopte as medidas oportunas para que se garanta o subministro constante de auga á poboación acordado de 5 litros por segundo, considerando que o subministro de auga á veciñanza é un valor que debe ser preponderante na adopción de calquera tipo de acordo..
- 2.- Sen prexuízo das concretas medidas que adopte a Confederación Hidrográfica Miño – Sil, o concello de Ramirás resérvase a posibilidade de emprender accións legais para defender os intereses dos veciños do Concello.

**AO PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL - C/ Progreso, 6 32003 OURENSE**

